

Acta núm. 07/2021.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 30 de marzo de 2021.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.
José Luis Sampedro Bouzas.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebal Gómez

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 30 de marzo de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 06/2021, DO 16.03.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.
- 4º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 6º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 06/2021, DO 16.03.2021.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 16.03.2021, acta núm. 06/2021.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LORENA MARTINEZ LÓPEZ, na que comunica que vai construír un peche de parcela de 522 metros de lonxitude aproximadamente en Mourentáns, Viceso, con postes de madeira e malla cinxética permeable, de 2 metros de altura e separación de 30 cm. entre arames. O peche é de separación con outras parcelas e linda unicamente coa vía pública en 5 metros. Colocaranse dúas cancelas de arame.

A parcela onde se vai construír o peche (referencia catastral 15013C504006070000JO) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria, polo que, segundo a Disposición Transitoria 1ª.2. d) da Lei 2/2016, do solo de Galicia, aplícaselle o disposto nesta lei para o solo rústico. A parcela sitúase dentro da zona de policía de leitos do rego dos Chavielos.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada pola interesada o 08.01.2021 na Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e o informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche situarase a 4 metros do eixo do vial, segundo o artigo 92.1 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, modificado pola Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas.
- O peche situarase como mínimo a 5 metros do leito do rego dos Chavielos.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 48,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 112,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Santiago López González, que di actuar en representación de PIROTECNIA LOPEZ SL, na que comunica que vai modificar a situación do peche existente no lugar de Viceso, onde se sitúa o establecemento destinado a taller de pirotecnia, co fin de garantir a distancia mínima de 10 metros de seguridade ás casetas, construíndo 154 metros lineais de peche novo segundo proxecto técnico redactado por Vibraquipo S.L.U., visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste o 03.04.2019.

O peche terá as seguintes características:

- O peche será en postes de ferro e base de formigón, situado nas coordenadas de referencia: 42°52'03.5"N 8°42'47.4"W, a un mínimo de 17 metros respecto do borde do leito do regato.
- Colocarase malla de arame cunha base de formigón de 20 cm., deixando reixas por debaixo dos 20 cm. para a saída das augas da choiva na zona de caída das mesmas.
- O peche irá en malla permeable de 1,50 metros de altura, cunha base de 20 cm. e os postes cunha altura de 2,10 metros. Polo exterior do mesmo hai un corredor de 5 metros que estará completamente limpo e despexado, sen árbores nin maleza.

As parcelas nas que se pretende construír o peche (referencias catastrais 15013A009005850000UF, 15013A00900280000UU e 15013A009002840000UH) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM, como solo rústico de protección forestal, polo que, segundo a Disposición Transitoria 1º.2 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, aplícaselle o disposto nesta lei para o solo rústico. A parcela referencia catastral 15013A009005850000UF atópase dentro da zona de protección de leitos dun rego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia do 02.03.2021, clave: DH.W15.66236, e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas condicións recollidas na autorización de Augas de Galicia do 02.03.2021, clave: DH.W15.66236.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 49,28 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 113,85 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA VILLAR CATALÁN PARANDIET, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Bastavaliños 14 – Bastavales, substituíndo as chapas de fibrocemento e tella existentes en mal estado por chapas de fibrocemento e tellas novas, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral 7520324NH2472S0001BF) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e sitúase dentro da aldea de Bastavaliños, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada coa clave XBE-1 e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 106,56 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 171,13 euros.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por RAMÓN PENIDE BEIS, na que comunica o inicio da actividade dunha nave destinada a oficinas e almacén de madeiras e derivados, en Chave de Ponte 52, Bastavales.

A Xunta de Goberno Local do 23.12.2019, concedeulle a Ramón Penide Beis, licenza para construír unha nave destinada a oficinas e almacén de madeiras e derivados, no lugar de Chave de Ponte 52, Bastavales, segundo proxecto técnico e anexo redactado polo enxeñeiro técnico industrial Francisco Ansedes Domínguez, visado nº 1898/19-ST, do 17.10.2019 e 26.11.2019, polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos industriais.

A Xunta de Goberno Local, á vista do certificado final de dirección de obra asinado polo enxeñeiro técnico industrial Francisco Ansedes Domínguez o 01.12.2020, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais o 02.12.2020 (visado nº 1834/20-ST) e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal no que sinala que consta realizada a visita de verificación e comprobación, por unanimidade acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar o uso da nave destinada a oficinas e almacén de madeiras e derivados, no lugar de Chave de Ponte 52, Bastavales, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenza de actividade: 263,25 euros.

Total: 263,25 euros.

CUARTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por RAMÓN BARROS BUENO, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar en Bastavaliños 39, Bastavales.

A Xunta de Goberno Local do 03.06.2014, concedeu licenza de obra maior a Ramón Barros Bueno e Mónica Magán Magariños, para construír unha vivenda unifamiliar en Bastavaliños 39, Bastavales, segundo proxecto redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 26/02/2014 e documentación complementaria visada o 17/03/2014.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado polo arquitecto F. Javier Fernández Echeverría con data 17.06.2019, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Santiago Martín Romarís García, que di actuar en representación de MARGARITA PATIÑO CALVO, na que solicita licenza para rehabilitar unha vivenda unifamiliar no lugar de Guisande 13, Os Ánxeles, segundo proxecto de execución redactado polo arquitecto Santiago Martín Romarís García, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 21.09.2020 e documentación complementaria visada o 12.02.2021.

A parcela onde se pretende executar as obras (referencia catastral 6431304NH2463S0001ZR) está clasificada como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural de data 11.05.2015 (expediente 432/15), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución redactado polo arquitecto Santiago Martín Romarís García, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 21.09.2020 e documentación complementaria visada o 12.02.2021.
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (20,40 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (beirarrúas e calzada), a execución das conexións de abastecemento e saneamento ás redes existentes, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que a interesada deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para rehabilitación da vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer nova solicitude.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación á interesada do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 20,40 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 16 de marzo de 2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.019,59 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.115,62 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por VANESSA PATRÓN MAGARIÑOS, na que solicita licenza para rehabilitar unha vivenda unifamiliar en Liñares 40, Brión, segundo proxecto

básico e de execución asinado polo arquitecto Andrés Fernández Couce, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29.09.2020.

A parcela onde se pretende executar as obras (referencia catastral 15013A034007110001IH) está clasificada como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- . A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Andrés Fernández Couce, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29.09.2020.

- . Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (25,65 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (beirarrúas e calzada), a execución das conexións de abastecemento e saneamento ás redes existentes, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que a interesada deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- . A obtención da licenza para rehabilitación da vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer nova solicitude.

- . Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- . Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- . Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- . Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación á interesada do outorgamento da licenza.

- . Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- . Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- . Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 25,65 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 18 de marzo de 2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- . Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.630,00 euros.

- . Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.



Total: 1.726,03 euros.

SIXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González